

OBXECTIVOS XERAIS

A Educación Infantil é o primeiro tramo do sistema educativo establecido pola LOMCE.

Ten carácter voluntario e abarca dous ciclos: de 0 a 3 anos que sería o primeiro ciclo e de 3 a 6 anos o segundo, que é o que se imparte neste centro nos niveles de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil.

Os obxectivos que conseguirán ao longo da Educación Infantil son os seguintes:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciar nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

A colaboración cos pais/nais o titores legais vai ser fundamental para que xuntos axudemos a que os nenos e nenas vexan a escola como unha casa na que desenvolvan as súas capacidades

Poza de Bar s/n. CP. 15705. Santiago de Compostela

TI/Fax: 981562522. E-m. ceip.pio12@edu.xunta.es

PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Ás 11:00 horas reunión cos pais, nais ou titores do alumnado.

Programa de adaptación progresivo, combinado con entrevista ás familias.

Setembro 2014	MÉRCORES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	LUNS	MARTES
	03	10	11	12	15	16	17	18	19	22	23

Neste período distribuirase cada un dos tres grupos de tres anos (A, B, C) en catro subgrupos de adaptación (G1, G2, G3, G4), coas súas respectivas quendas. Así:

hora/día	10	11	12	15	16	17	18	19	22	23
09:00 a 10:00	G1 G2	G1 G4	G2 G4	G1 G2	G2 G4	G1 G2	G1 G2	G1 G2	G1 G2	G1 G2
10:15 a 11:15	G3 G4	G2 G3	G1 G3	G3 G4	G1 G3	G3 G4	G3 G4	G3 G4	G3 G4	G3 G4
11:00 a 11:30						recreo	recreo	recreo	recreo	recreo
11:30 a 12:30						media mañá	media mañá	media mañá	media mañá	media mañá
12:20 a 13:10										

Durante o período de Adaptación e a partir das 12:30 realizaranse as entrevistas ás familias nas respectivas aulas, acompañados dos fillos/as.

hora/día	10	11	12	15	16	17	18
12:30 a 12:50							
12:50 a 13:10							
13:10 a 13:30							
13:30 a 13:50							

Apartires do día 23 o horario será o normal de 09:00h a 14:00h.

PROFESORADO

TITORAS DE 4º INFANTIL

DNA. ÁNXELES VIDAL	4º EI A
DNA. TERESA NEIRA	4º EI B
DNA. BEGOÑA PEREIRA	4º EI C

ESPECIALISTAS

	MU	FI	RE
DNA. ADELA MAROÑO	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
DNA. VICTORIA FDEZ.	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
D. JUAN M. OGANDO	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

sesións semanais

[MU]	Música.	1
[FI]	Inglés.	2 ½
[RE]	RE ou AE.	1

APOIO INFANTIL

DNA. MARIFÉ TABOADA
DNA. BEGOÑA SEOANE
D. MANUEL MAROÑO

DEP. ORIENTACIÓN

	OR	PT	AL
DNA. AMPARO JIMÉNEZ	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
DNA. ANA VÁZQUEZ	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
DNA. JULIA ABELEDO	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
DNA. DIANA BERICOCHEA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

[OR] Orientación
[PT] Pedagogía Terapéutica
[AL] Audición e Linguaxe

40 CEIPPÍO XII SANTIAGO EDUCACION INFANTIL

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceippi12>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROPOSTAS E SUXESTIÓNS



- ❑ Mostrar **seguridade e confianza na escola**. Hai que empezar por aceptar persoalmente a separación, recoñecendo a autonomía do fillo/a. As dúbidas con respecto ao profesor/a non xeneran confianza, nin colaboración. Ante a menor dúbida o diálogo é a mellor solución.
- ❑ Crear **actitudes positivas** respecto á escola: comentar con eles as actividades que van realizar, os nenos/as cos que van xogar, os xoguetes e os materiais que van atopar, etc.
- ❑ Facer comentarios positivos sobre a escola: non ameazar coa escola como un lugar onde terá que seguir unha disciplina máis rigorosa que na casa. Dar **importancia ás actividades cotiás** que lle conte o seu fillo/a.
- ❑ **Intercambiar toda a información** co mestre/a que facilite un mellor coñecemento dos nenos/as. Acudir ás reunións e entrevistas. Acudir á titora cando xurda algunha inxerencia sobre o fillo/a ou se teña interese por coñecer algo máis sobre eles.
- ❑ **Fomentar a non-agresividade**. Queremos acadar na escola un ambiente educativo pacífico. Sabemos que é frecuente que os nenos e nenas desta idade mostren agresividade como forma de defensa, por iso, desde a escola e o fogar, temos que educar en/e para a paz.

NORMAS XERAIS DO CENTRO

A respecto da relación casa-escola, debemos pensar que a **comunicación** debe ser a pauta fundamental para manter unha boa convivencia entre todas e todos. Solicitamos a súa **colaboración** nas suxestións ou peticións que realice o profesorado do centro: materiais, hábitos, etc., e prestar atención ás seguintes normas do centro que de seguido lles indicamos e que sen dúbida redundarán en proveito do alumnado.

- ❑ O **horario lectivo** será de 09:00h a 14:00h para todo o alumnado, polo que se prega a máxima puntualidade e o respecto ás zonas de entrada correspondentes.

- ❑ As **saídas de clase**, co fin de evitar aglomeracións e poder compaxinar a recollida doutros nenos ou nenas de cursos superiores, realizaranse escalonadas. Así o alumnado de Educación Infantil sairá ás 13:52h, o de EP 1º Ciclo ás 13:55h e o de EP 2º e 3º Ciclo ás 14:00h.

horarios	EDUCACIÓN INFANTIL
09:00 A 09:50	1ª SESIÓN
09:50 A 10:40	2ª SESIÓN
10:40 A 11:30	HORA DE LER RECREO
11:30 A 12:20	3ª SESIÓN
12:20 A 13:10	4ª SESIÓN
13:10 A 14:00	5ª SESIÓN

- ❑ As **entradas ou saídas dentro do horario de clase** deberán facerse coincidir obrigatoriamente cos cambios de hora ou co recreo, debendo xustificarse a ausencia ou a falta de puntualidade ante a titora por parte da nai, pai ou titor/a legal. Esta norma aplicarase en tres anos unha vez pasado o Período de Adaptación.
- ❑ O **acceso aos espazos pedagóxicos-didácticos**, incluídos os corredores durante o horario lectivo está restrinxido ao persoal do centro.
- ❑ As **comunicación cos titores ou titoras**, deberán facerse fóra do horario lectivo, no horario de titoría ou ben a través dunha nota escrita.
- ❑ **Medicacións**. O profesorado do centro non está autorizado á subministración de ningún tipo de medicamento, agás naqueles nenos incluídos no plan de alerta escolar. Deberán ser os pais, nais ou adultos con autorización os que o subministren, respectando os horarios agás casos debidamente xustificadas.

- ❑ No caso de **enfermidade**, non se debe enviar aos nenos e nenas ao colexio. De ser esta infecto-contaxiosa será necesario traer a alta médica respectiva. Sempre que a nena ou neno se atope mal chamarase á casa polo que é preciso que manteñan actualizados os teléfonos de contacto.
- ❑ No caso de que a nena ou neno presenten algún tipo de problema, é obrigatorio comunicar este ao profesorado do centro.
- ❑ **A roupa e o calzado deberán ser cómodos**. Deberán evitarse pantalóns de peto, zapatos de cordóns ou calquera vestimenta que dificulte a autonomía das nenas ou nenos. Toda a **roupa deberá vir co nome respectivo nun lugar visible** e cunha **cinta grande (20cm)**, para poder ser colgada no percheiro.
- ❑ As **mochilas** deberán ser pequenas, sen rodas e rotuladas co nome respectivo.
- ❑ O **mandilón** con abotoadura cara adiante. Deberá vir co nome do neno/a en lugar visible con letras maiúsculas, cunha cinta longa para colgar e o puño preferentemente elástico. Será de diferente cor segundo o grupo.
- ❑ A respecto da **media-mañá**, as nenas e nenos traerán, na correspondente mochila, os seus bocadillos ou froitas peladas e a súa botella de auga. Evitaranse reposterías industriais, lácteos, zumes, batidos, doces e lambonadas, etc.

HÁBITOS

Entre os hábitos que deberán adquirir e realizar de xeito **autónomo** sinalamos:

- ❑ Lavarse e secarse as mans.
- ❑ Limpase o nariz.
- ❑ Comer sen axuda.
- ❑ Limpase logo de ir ao servizo.
- ❑ Vestirse e espirse.
- ❑ Axudar nas tarefas domésticas e responsabilizarse na recollida e orde dos propios obxectos persoais.
- ❑ Aprender a escoitar e respectar as quendas de palabra.
- ❑ Empregar as normas elementais de cortesía: saudar ao entrar, despedirse ao saír, pedir “por favor”, dar as “grazas”...